



## REGULAMENTO DAS ELECCIÓNS PRIMARIAS ABERTAS DE COMPOSTELA ABERTA 2019

Aprobado en asamblea o 27 de febreiro de 2019

### OBXECTO

**Artigo 1.** O presente regulamento ten por obxectivo establecer as normas precisas para garantir a celebración dunhas eleccións primarias para confeccionar o primeiro tramo da candidatura municipal que Compostela Aberta presentará ás eleccións municipais de Maio de 2019 (postos do 1 ao 15).

### DO CENSO DE VOTANTES

#### **Artigo 2.** Do censo

2.1. Poderán votar nas eleccións primarias de Compostela Aberta todas persoas que así o desexen e que se inscriban no censo de primarias en tempo e forma.

As persoas que formen parte do censo de militantes a data 1 de marzo incluíránse de xeito automático, debendo cumprir o resto dos requisitos deste regulamento.

2.2. Poderán inscribirse no censo todas as persoas maiores de 16 anos censadas, residentes ou con vínculos laborais ou académicos en Santiago de Compostela que asinen o manifesto fundacional de Compostela Aberta.

2.3 Ficarán excluídas do censo todas aquelas persoas con militancia ou vínculo manifesto con partidos ou forzas políticas que presenten candidatura distinta da de Compostela Aberta nos comicios municipais de maio de 2019.

2.4. As persoas que non podan demostrar o cumprimento do requisito de residencia ou vínculo a través do enderezo do DNI ou Pasaporte, deberán presentar entre as datas 1 e 19 de marzo de 2019 documentación xustificativa do seu vínculo con Santiago de Compostela, que será comprobada e validada pola Comisión electoral para a súa validación definitiva no censo. Tamén poderá entregar a documentación no momento da votación pero neste caso queda restrinxida aos seguintes documentos xustificativos:

- certificado de empadramento
- tarxeta censal
- contrato laboral no que se indique o centro de traballo
- acreditación de matrícula no que se indique o centro de estudos
- tarxeta universitaria
- recibos de consumo
- contrato de alugueiro

### DAS CANDIDATURAS

**Artigo 3.** Poderá ser candidata calquera persoa que cumplan cos requisitos recollidos neste regulamento e nos artigos 177 e 178 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime electoral Xeral e non incorra en ningunha das incompatibilidades recollidas neste apartado.

**Artigo 4.** As candidaturas poderán ser de carácter individual ou colectivas (listas).

4.1 As candidaturas colectivas estarán integradas por un mínimo de 11 persoas e un máximo de 15, cumprindo con o criterio de paridade de xénero interpretado segundo o criterio recollido nos estatutos de Compostela Aberta entendendo que, como mínimo se



garantirá a presenza do 50% de mulleres, podendo ser a proporción destas superior até un 60% do total da lista.

4.2 As candidaturas colectivas designarán entre os seus integrantes a un/ha candidato/a á alcaldía que concorrerá polo número un da lista de CA.

4.3 As persoas que desexen concorrer como candidatas á Alcaldía deberán encabezar obrigatoriamente unha candidatura colectiva.

4.4 As candidaturas colectivas deberán presentar o aval mínimo de 25 persoas inscritas no censo de militantes de CA con anterioridade á data de inicio de inscrición de candidaturas.

4.5 As candidaturas individuais deberán presentar o aval de mínimo de 5 persoas inscritas no censo de militantes de CA con anterioridade á data de inicio de inscrición de candidaturas.

4.6 Cada persoa integrante do censo de militantes poderá avalar unha candidatura colectiva e un máximo de dúas candidaturas individuais.

4.7 As persoas candidatas e membros da comisión electoral non poderán ser avalistas.

4.8 As persoas candidatas asinarán, de non ser inscritas en CA, por escrito o manifesto fundacional e o compromiso de cumprir o código ético de CA.

4.9 As candidaturas, individuais e colectivas, poderán facer campaña pública no período estipulado no calendario aprobado neste regulamento coa única limitación de non investir diñeiro na campaña.

4.10 As candidaturas poderán remitir á Comisión Electoral información sobre as/os candidatos/as e documentación sobre a candidatura que será posta a disposición do público a través da web da organización.

## **DA COMISIÓN ELECTORAL**

**Artigo 5.** A dirección do proceso electoral e todas as cuestións relacionadas con el, correspóndenlle á Asemblea de Compostela Aberta, que delegará o seu desenvolvemento nunha Comisión Electoral creada especificamente para este cometido.

5.1 A Comisión Electoral estará composta por un mínimo de tres e un máximo de sete persoas.

5.2 As persoas integrantes da Comisión serán nomeadas pola Asemblea de Compostela Aberta que convoque o proceso electoral.

5.3 Non poderán facer parte da Comisión Electoral as persoas que participen como candidatas no proceso de primarias

5.4 Funcións da Comisión electoral:

a) Velar polo cumprimento do calendario electoral e das normas presentes neste regulamento.

b) Garantir a todas as persoas aspirantes un acceso equitativo ás posibilidades de divulgación das candidaturas polos medios que se decidan.



- c) Interpretar este regulamento en relación ás posibles queixas, denuncias e irregularidades que se poidan dar durante o proceso de primarias así como resolver aquelas cuestións que non estivera contempladas no presente regulamento.
- d) Realizar o recuento e facer públicos os seus resultados.
- e) Custodia e acceso do censo electoral e documentación acreditativa.

## DA VOTACIÓN

**Artigo 6.** A votación desenvolverase presencialmente en urna durante os días 22, 23 e 24 de marzo de 2019.

6.1 A mesa electoral estará presidida sempre por un membro da Comisión Electoral, que poderá ser axudado nas súas funcións por calquera inscrito no censo de CA, que non sexa candidato, designado para estas funcións pola propia Comisión Electoral.

6.2 A custodia da urna, das actas e do censo de votación durante o proceso, así como a realización do recuento corresponde en exclusiva á Comisión Electoral e membros da mesa mentres estean exercendo.

6.3 As candidaturas presentadas poderán estar presentes a través das candidatas ou de apoderados durante as votacións e recuento

6.4 A comisión electoral proclamará os resultados provisionais no momento en que remate o recuento. Abrirase entón un prazo de alegacións de 48 horas para a subsanación de erros ou posíbeis irregularidades. Unha vez solventados erros e irregularidades procederase á proclamación definitiva de resultados.

## DO SISTEMA ELECTORAL

**Artigo 7.** Sobre o proceso de votación.

7.1 A votación realizarase con unha papeleta única na que aparecerán diferenciados en dous apartados candidato/as á alcaldía e candidatos/as ao corpo de lista.

No primeiro deses apartados as respectivas candidatas/os aparecerán ordenadas alfabeticamente segundo inicial do primeiro apelido (comezando pola letra marcada para este ano 2019 pola Xunta de Galicia para a Administración Pública), identificadas con nome completo e apelidos seguido do nome da candidatura na que se integren se for o caso.

No segundo dos apartados en primeiro lugar aparecerán as candidaturas colectivas segundo a posición ocupada pola/o candidata/o á alcaldía que as encabece, agrupadas separadamente e ordenadas internamente segundo o criterio definido polas propias candidaturas, seguidas das diferentes candidatas/os independentes, que aparecerán nunha lista única ordenada alfabeticamente segundo inicial do primeiro apelido (comezando pola letra marcada para este ano 2019 pola Xunta de Galicia para a Administración Pública), identificadas con nome completo e apelidos.

No caso da orde definida polas candidaturas colectivas deberá respectar o criterio de paridade seguindo o espírito definido nos estatutos de Compostela Aberta (mínimo dun 50% de mulleres até un máximo do 60%).

7.2 Cada votante poderá emitir até once votos, tendo que ser un deles obrigatoriamente para un/ha dos/as candidatos/as á alcaldía ou abstención. No caso de emitir voto à alcaldía, este, será marcado co número 1 ou "X" na papeleta. Os outros dez votos emitiranse de forma ordenada escribindo ao lado de cada candidato/a números correlativos comezando



no 2 e podendo chegar ata o 11 como máximo. As papeletas sen ningún voto neste segundo bloque serán consideradas como abstención.

7.3 As papeletas que non cumpran estes criterios e non quede claro o sentido de voto, serán declaradas nulas.

7.4 No segundo bloque da papeleta, cada posición outorgada por cada elector implicará unha puntuación conforme á seguinte relación, no caso de papeleta con 10 votos emitidos se aplicará a puntuación da primeira columna a cada posición escollida na papeleta, aplicando o resto das columnas no caso de votar menos de 10 persoas.

Posición / Votos emitidos	10 votos	9 votos	8 votos	7 votos	6 votos	5 votos	4 votos	3 votos	2 votos	1 voto
Pos. 2	1	0,9	0,8	0,7	0,6	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1
Pos. 3	0,9	0,8	0,7	0,6	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1	
Pos. 4	0,8	0,7	0,6	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1		
Pos. 5	0,7	0,6	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1			
Pos. 6	0,6	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1				
Pos. 7	0,5	0,4	0,3	0,2	0,1					
Pos. 8	0,4	0,3	0,2	0,1						
Pos. 9	0,3	0,2	0,1							
Pos. 10	0,2	0,1								
Pos. 11	0,1									

7.5 A candidatura electa neste proceso de primarias configurarase colocando no número 1 ao candidato/a á alcaldía que teña recibido máis votos, ocupando as posicións seguintes (do 2 ao 15) as candidatas/os que acadaran maior puntuación de xeito correlativo e descendente, aplicando os criterios de corrección precisos para cumprir a paridade na configuración final da candidatura seguindo o espírito definido nos estatutos de Compostela Aberta (mínimo dun 50% de mulleres até un máximo do 60%) establecendo que, no caso de ser eleito un home como candidato á alcaldía, obrigatoriamente a segunda posición será ocupada por unha muller, e que a presenza de dous candidatos masculinos consecutivos só será posíbel se nas posicións inmediatamente anteriores houbera dúas candidatas femininas consecutivas.

7.6 Non se terán en conta as puntuacións das candidatas/os que non acaden un mínimo do 10% de voto emitido válido sobre o total dos emitidos, tomando como referencia o número absoluto de votantes que tivesen votado pola candidata/o e non a puntuación atribuída. Calqueira candidata/o por baixo deste umbral de voto emitido válido non formará parte da candidatura eleita, sexa cal for a posición que acadase en base á puntuación recibida.



## **CALENDARIO DAS PRIMARIAS DE COMPOSTELA ABERTA 2019.**

**ARTIGO 8.** O proceso de primarias rexerese por este calendario.

As datas para os procedementos que non aparezan fixados neste regulamento e calendario serán establecidas e publicadas pola Comisión Electoral.

- Apertura do censo electoral 1 de marzo
- Inscripción de candidaturas ás primarias: do 6 ao 10 de marzo ás 23:59h.
- Publicación provisional de listas: 11 de marzo
- Presentación de alegacións á publicación de listas: do 12 ao 13 de marzo
- Resolución de alegacións e publicación definitiva de candidaturas: 14 de marzo.
- Peche do censo electoral o 15 de marzo ás 23:59 h.
- Campaña electoral das candidaturas ás primarias: do 16 de marzo ao 21 de marzo.
- Primarias: do 22, 23 e 24 de marzo
- Proclamación provisional de resultados: 25 de marzo
- Prazo de presentación de alegacións: do 26 ao 27 de marzo
- Proclamación definitiva de resultados: 28 de marzo.

### **DISPOSICIÓN FINAIS:**

a) O proceso de primarias considerarase rematado coa proclamación definitiva de resultados, momento en que se constituirá a Candidatura de Compostela Aberta, integrada polas persoas eleitas neste proceso, e se disolverá a Comisión Electoral.

b) Para completar a lista do número 16 ao 25 e suplentes, a Candidatura de Compostela Aberta eleita neste proceso de primarias elaborará unha proposta fechada e ordenada de candidatos/as que será submetida a ratificación pola Asemblea de Compostela Aberta. Aplicarase o mesmo procedemento, caso de que o número de candidatos/as eleitos/as no proceso de primarias sexa inferior a 15, desde o último posto da lista que fiquen sen cubrir.

c) As persoas integrantes deste tramo final de lista e suplencias deberán cumprir os requisitos legais e asinar o manifesto e código ético de Compostela Aberta.